



Teaching Guide				
Identifying Data				2023/24
Subject (*)	Clinical Placement IV	Code	661G01028	
Study programme	Grao en Enfermaría			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	1st four-month period	Fourth	Obligatory	12
Language	SpanishGalician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites	Ter superadas as Estancias Clínicas I,II,III para poder cursar esta materia.			
Department				
Coordinador	García Rodríguez, María Teresa	E-mail	m.t.garcia.rodriguez@udc.es	
Lecturers	García Rodríguez, María Teresa Seijo Bestilleiro, Rocio	E-mail	m.t.garcia.rodriguez@udc.es r.seijob@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
General description	Estas estadias clínicas correspóndense a un nivel intermedio da aprendizaxe práctica tutelada do estudante, tendo como finalidade integrar os coñecementos e habilidades adquiridos na materia Enfermaría Comunitaria I e II. Están dirixidas á incorporación dos estudantes no ámbito da atención primaria de saúde, co fin de que aprendan a proporcionar ás persoas e ás familias cuidados integrais e continuos, diagnosticando os problemas de saúde, diseñando os plans de cuidados, desenvolvendoos e avaliandoos, tendo en conta a situación de saúde das persoas, o seu contorno e ciclo vital, co obxectivo de promover, manter ou mellorar a súa saúde. Así mesmo, considerárase un obxectivo primordial o desenvolvemento de habilidades de comunicación cos usuarios, as familias e o equipo do centro de saúde.			

Study programme competences	
Code	Study programme competences
A62	Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B22	Capacidade para motivarse e motivar a outros.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3.- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4.- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Cooperar cō equipo asistencial sanitario e/ou socio-sanitario.	A62	B1 B5 B10 B13 B14 B22	C4 C7
Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas persoas atendidas, as súas familias e grupos.	A62	B7 B10 B14 B15	C1 C12
Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos problemas de saúde das persoas nas diferentes etapas do ciclo vital. Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade.	A62	B1 B3 B8 B9 B11 B12 B19 B20	C3 C10 C11
Actuar segundo os principios éticos e legais que guían á profesión. Cumprir as normas de funcionamento das institucións sanitarias.	A62	B1 B3 B6 B8 B9 B11 B13 B16 B20 B24	C4 C10 C11 C12

Contents	
Topic	Sub-topic



Prácticas clínicas tuteladas realizadas en centros de atención primaria de saúde.	Permiten ao estudante integrar os coñecementos teóricos e as habilidades adquiridas; así como comprender, diagnosticar os problemas de saúde, deseñar un plan de cuidados e desenvolvelo tendo en conta a situación específica de saúde .
---	---

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Introductory activities	B8 B11	1	0	1
Clinical practice placement	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	240	12	252
Simulation	B1 B3 B6 B7 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B22 B24 C1 C4 C11	2	10	12
Case study	B1 B3 B8 B11 B12 B19 C1 C3 C7 C10 C12	2	30	32
Personalized attention		3	0	3

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar as prácticas clínicas no contorno da atención primaria de saúde. Realízase unha sesión na aula na que se especificarán tódolos aspectos necesarios para o correcto desenvolvemento da materia, así coma o sistema de avaliación.
Clinical practice placement	Actividade formativa que conleva un contacto coa realidade profesional ó desenvolverse en centros de atención primaria de saúde e na comunidade, nas que os estudantes observan e participan nas actividades do equipo de saúde, co fin de proporcionarlles as oportunidades que supoñan a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica enfermeira. Cada alumno terá asignado ó inicio do curso un centro de saúde para realizar o rotatorio.
Simulation	Ponse ao estudante ante unha situación habitual da práctica de enfermaría en atención primaria na cal se proba o seu comportamento , os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.
Case study	Actividade encamiñada a promover a aprendizaxe autónoma do estudante, consistindo na selección dunha situación clínica concreta validada pola profesora responsable da materia, para a súa abordaxe e resolución con metodoloxía enfermeira. Deberá realizarse a presentación oral a outors/as estudantes e ás profesoras.

Personalized attention	
Methodologies	Description



Simulation Case study Clinical practice placement	<p>A atención personalizada relacionada coas Prácticas clínicas ten como finalidade atender as consultas dos estudantes relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, actitudes, valores e habilidades que o estudante debe acadar. Farase de forma individualizada, ben de xeito presencial, ou a través do correo electrónico.</p> <p>A atención personalizada relacionada co Estudo de Casos e simulación ten como finalidade orientar ós estudantes na realización e presentación das situacións clínicas. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial, ou a través do correo electrónico.</p>
--	---

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Simulation	B1 B3 B6 B7 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B22 B24 C1 C4 C11	<p>Crterios de avaliación:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Asistencia obrigatoria 2.Desenvolvemento das habilidades na entrevista centrada na persoa: 5 puntos 3. Valoración focalizada y determinación de intervenciones específicas: 5 puntos 	20
Case study	B1 B3 B8 B11 B12 B19 C1 C3 C7 C10 C12	<p>Crterios de avaliación:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Asistencia obrigatoria. 2. Presentación do caso (síntese do contido e orixinalidade,redación e sintaxis, presentación e bibliografía; puntuación total 2 punto) 3. Análise da situación e correcta formulación dos DdE (puntuación total 4 puntos) 4. Selección de resultados e intervencións de enfermaría (puntuación total 3 punto) 5. Exposición oral (presentación, postura corporal, contido, xestión de tempo, destreza verbal;puntuación total 1 punto?) 	30
Clinical practice placement	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	A asistencia ás prácticas clínicas será obrigatoria. Realizarase unha avaliación continuada da adquisición das competencias a través dos criterios ou indicadores establecidos.	50

Assessment comments



A superación da materia queda suxeita a que cada unha das metodoloxías sexa superada polo estudante de forma independente, acadando o 50% da nota máxima posible da porcentaxe que lle corresponde.

Dado que a asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria, as ausencias deberán xustificarse de acordo a normativa xeral do Centro relativa ás Estadias Clínicas. Estas serán recuperadas ó remate dos rotatorios establecidos, e antes da data de peche das actas. As faltas non xustificadas serán valoradas segundo o especificado na normativa xeral do Centro.

As datas e os horarios nos que cada estudante realizará as prácticas clínicas publicarase na plataforma Moodle antes do inicio das mesmas.

Ao finalizar o periodo de prácticas clínicas os estudantes deberan presentar a a Memoria segundo se especifica no regulamento de Estadias Clínicas.

Avaliación 2ª oportunidade: Dado que a practica clinica e unha actividade presencial, non recuperable, os estudantes so poderán empregar a 2ª oportunidade para recuperar as activiades relativas a estudio de casos e simulación.

Adianto de oportunidade e estudantes con matricula parcial: Dado que a practica clinica e unha actividade presencial, non recuperable, non e posible establecer unha avaliación diferente para estos casos.

A cualificación de Matrícula de Honra poderá obtela o alumnado que puntúe alomenos un 9, con preferencia para o alumnado que obtivera máis nota. En caso de igualdade de puntuación e habendo máis aspirantes que matrículas, prevalecerá o alumnado que obtivese máis nota na metodoloxía de práctica clínica.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Esta materia ten en conta as recomendacións sobre SOSTIBILIDADE, MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XÉNERO para acadar unha contorna inmediata sustentable, ambiental e social. Por todo isto:

- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de MOODLE, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.
- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.
- Débense ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia está incorporada a perspectiva de xénero: usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarase a intervención nas distintas actividades da materia de alumnas e alumnos.
- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
- Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.
- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.



Basic	<p>Martínez JR, Del Pino R (2020). Manual práctico de enfermería comunitaria. BARCELONA: EISEVIER Acinas P et al. (2018). Enfermería Familiar y Comunitaria. Formación Alcalá Martin A, Jodar G (2018). Atención Familiar y Salud Comunitaria: Conceptos y Materiales para Docentes y Estudiantes. BARCELONA: ELESEVIER Campo A (2009). Enfermería comunitaria. Madrid: Difusión Avances de enfermería Frías A (2000). Salud Pública y educación para la salud. Masson Arias JM, Blanco ML, Constenla A (2005). Estandarización de cuidados de enfermería ao paciente inmobilizado no domicilio. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. SERGAS Colección de guías prácticas de feridas do Servizo Galego de Saúde. Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. SERGAS. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria (2017) NANDA Internacional (2021). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación: 2021-2023. MADRID: Elsevier Moorhead S, Swanson E, Johson M, Maas ML (2018). Clasificación de resultados de enfermería (NOC) . BARCELONA: Elsevier Butcher HK, Bulechek G, Dochterman JM, Wagner CM (2019). Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC). BARCELONA: Elsevier Lunney M (2011). Razonamiento crítico para alcanzar resultados de salud positivos. MADRID: Elsevier Masson</p>
Complementary	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Anatomy/661G01001
 Bases for the Interpretation of Scientific Knowledge/661G01008
 Community Nursing I/661G01014
 Mental Health Nursing/661G01015
 Clinical Nursing III/661G01017
 Nursery Nursing/661G01018
 Community Nursing II/661G01019
 Gerontological Nursing/661G01020
 Clinical Nursing I/661G01034
 Clinical Nursing II/661G01035
 Physiology/661G01105
 Foundations of Nursing/661G01107

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Clinical Placement V/661G01029
 Clinical Placement VI/661G01030
 Clinical Placement VII/661G01031

Subjects that continue the syllabus

Practicum/661G01032

Other comments

Tendo en conta o especificado na Memoria do Título, é necesario ter superadas as materias Estadías Clínicas I, II e III para poder matricularse nesta asignatura.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.